

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE</p>	<p>CEIP PLURILINGÜE SAN CLEMENTE DE CESAR Baltar, 25 – 36654 – Caldas de Reis, Pontevedra</p> <p>☎ 886 151 141 - ☎ 886 151144 ceip.sanclemente.cesar@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanclementecesar</p>	
---	--	---

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA (NOTA RECORDATORIA).

De acordo coa reunión do 3 de novembro de 2021 o vindeiro **día 23 de novembro, en horario de 9.30 a 10.30h. e de 14.00h. a 17.00h.** celebrarase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores/as legais do alumnado no Consello Escolar do CEIP Plurilingüe San Clemente de Cesar. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada convocatoria, procederase da seguinte forma:

1º.-Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ámbolos dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

a) O voto será directo, secreto e non delegado.

b) Os modelos de papeletas da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.

c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos/as, por orde alfabético de apelidos, e cada elector/a **deberá marcar cunha cruz un máximo de 1 nome** das candidatas ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.

d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A candidatura presentada é a seguinte:

D. José María Ortigueira Fuentes.

A dirección deste Centro anima a todos os pais, nais e titores/as legais do alumnado a que participen na votación do vindeiro **martes 23 de novembro, de 9.30 a 10.30 e de de 14.00 a 17.00h**, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais/nais ou titores legais no Consello Escolar.

En Baltar a, 17 de novembro de 2021.

A PRESIDENTA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: M^a Dolores González Piñeiro.